



Poemas e Poesías

Por: Joaquín Cobo Area

A VOZ DO MAR

A voz do mar
que me chama
e me invita.
A voz do mar
que me reclama.

A voz do mar
que me di
que me sustenta.
A voz do mar
que o meu corazón alenta.

A voz do mar
que me xeme
e chora.
A voz do mar
que me namora.

A voz do mar
que me arrola
e me afoga.
A voz do mar
que o meu pranto enxuga

A voz do mar
que me arrasta
e me afunda.
A voz do mar
que o meu corazón confunde.

A voz do mar
que me aperta
e me estrulla.
A voz do mar
que o meu desexo empurra.

A voz do mar
que me abraza
e me envolve.
A voz do mar
que me devolve . . .
dos meus soños á vida .

DIALOGOS
J. COBO A.
INTIMOS



POESÍAS DE EV. CALO

LATEXOS DUN AROUSAN (III): "Fervenzas e Devalos"

Da miña Vilagarcía. Rimas

Do Piñeiriño a Vilaxoán
do Piñeiriño a Carril
na Vilagarcía amada
busqueiche un niño de pomba
un niño de pomba brava.

Foi Fontecarmoa adiante
camiño de San Cibrán
na Vilagarcía querida
onde eu dei con esa pomba
¡ Miña pombiña ferida!

Esta teima luxuriosa
que me aboura de cotío
co fracaso dun amor
píntame as meniñas da alma
coa tristura do solpor.

Pero acaso que hei facer
se non pudo aproar a Rianxo
a dorna da miña dor
para lle dicir a unha rianxeira
que por ela morro de amor.

Sempre me estás a decir
¡Meu amorío arousán!
que hei pagar a tocatella
o proceder vilán
de tentar mercar amores
de Carril a Vilaxoán
porén
facerche quero saber
que para algo valer
nos eidos do amor
“non pode haber rencor”.

¿Pero a túa alma é dor?:
¡Arrinca a espiña e deixá
que nos capullos da túa alma
xurda de novo o amor!.

Se capaz de arrincala es:
¡Gattiñas soarán!
¡Compases de muíñeira oiranse!
e o teu corazón donde aquela cebado
dende aquela ferido
ó fin gozará
da felicidade e da paz
que eu lle tiña prometido.

LATEXOS DUN AROUSÁN (III). Fervenzas e Devalos



Autor: Eduardo Víctor Castro López (EV.Calo) / Páginas: 171 / Edición: 1º / Editorial: Autor

É un libro de poesía no que se fala do amor que abala ó compás de diferentes latexos poéticos, de distintas tensións líricas. Amorosos sentimientos pendulares ninxidos dos más diversos recunchos da alma, romántica expresión dos más diversos estados ánimos a través da maravillosa maxia da palabra.

Libro que o autor dedica: “A todos aqueles que ben saben por experiencia que o amor é cuestión de sentimento, non de racionalidade. A tódolos namorados que convencidos están, de que o amor é un estado da alma ateigado de fervenzas e devalos”.